

# Á CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL:

Os abaixo asinantes, na nosa calidade de representantes dos distintos sectores da comunidade educativa, solicitamos desta Consellería sexa tomado en consideración o noso posicionamento sobre a actual situación derivada da pandemia do COVID-19 que estamos a padecer, que pasan a expor, co unánime pedimento de que a decisión da administración educativa de cara ao desenvolvemento e finalización do presente curso escolar sexa tomada desde estas propostas consensuadas por todos nós, docentes e familias, nun exercicio de responsabilidade democrática inescusable.

## **Consideramos:**

1. O curso escolar non tivo de feito nin pode ter continuidade real desde o día 13 de marzo, en que rematou a impartición presencial do mesmo:
  - a. non hai unha capacidade real de impartición telemática de contidos que chegue a todo o alumnado, tanto por falla real de acceso á rede como por carencia nas familias de medios tecnolóxicos.
  - b. alumnado, familias e docentes carecen de directrices, de apoio e aínda, con carácter xeral, de previa formación nin práctica para o traballo en liña.
  - c. non hai posibilidades reais de seguimento polo profesorado do traballo efectivamente realizado nas casas.
  - d. a educación presencial non pode ser suplida pola impartición de contidos telemáticos, malia a voluntariedade e esforzo do profesorado, coa conseguinte merma da calidade educativa.
  - e. o estado físico e psicolóxico das familias, do alumnado e do propio persoal docente, afonda aínda mais na inviabilidade do sistema.
  - f. existe un abandono xeneralizado de practicamente todo o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo,

pola imposibilidade de se achegar a el nestas condicións, e pola dificultade intrínseca da converter para ese alumnado a relación presencial en relación a distancia. Non asumir como imprescindible a participación dese colectivo significaría un enorme retroceso na atención á diversidade.

2. A avaliación xeral do curso ten que partir da situación de excepcionalidade que estamos a vivir e vir acompañada de cantos medios eviten o desfavorecemento das posibilidades de promoción do alumnado.
3. Cómpre unha reformulación xeral dos distintos currículos para o vindeiro curso, que cubra a fenda educativa xerada por esta situación excepcional, unida ao establecemento de ferramentas educativas que posibiliten a todo o alumnado o desenvolvemento en condicións de igualdade dese novo curso.

Por canto queda exposto,

#### **SOLICITAMOS:**

1. DAR POR FINALIZADO EN TERMOS DE AVALIACIÓN O CURSO ESCOLAR 2019-2020 CON DATA 13 DE MARZO, AÍNDA MANTENDO O CALENDARIO ESCOLAR.
2. ESTABLECIMENTO DE CRITERIOS DE AVALIACIÓN EXCEPCIONAIS QUE POSIBILITEN A PROMOCIÓN DO ALUMNADO.
3. REORGANIZAR OS CURRÍCULOS DE CARA AO/S VINDEIRO/S CURSO/S.
4. TRABALLAR CONXUNTA E CONSENSUADAMENTE NA PROCURA DE MECANISMOS COMPENSATORIOS QUE EVITEN NO CURSO 2020-2021 UN ESFORZO INASUMIBLE PARA UNHA PARTE DO ALUMNADO.
5. PARTICIPAR DE TODOS OS PROCESOS DE TOMA DE DECISIONS NOS ÓRGANOS CORRESPONDENTES E QUE AS MESMAS CONTEN CO APOIO E APROBACIÓN DAS NOSAS ORGANIZACIÓNS.



Rogelio Carballo  
Presidente de CONFAPA Galicia



Fernando Lacaci  
Presidente de ANPAS Galegas



Luz López Pérez  
Secretaria Xeral Federación de Ensino  
CCOO de Galicia



Suso Bermello García  
Secretario Nacional  
CIG-Ensino



José Carlos Fernández Balado  
Responsable autonómico  
CSIF Ensino



Paula Carreiro Prieto  
Secretaria de Ensino  
FESP-UGT Galicia



Julio Díaz Escolante  
Presidente ANPE Galicia